

**CIG-Saúde exige na Mesa Sectorial a retirada do XIDE e que se abra un proceso de escoita e negociación co persoal.**



CIG-Saúde manifestou na mesa sectorial o seu rexeitamento ao XIDE e reclamou que se poña en marcha un proceso de escoita e de negociación cos e coas profesionais para que se mude o XIDE por outro sistema que realmente responda ás necesidades da Atención Primaria.

CIG-Saúde reclamou **unha ferramenta útil para o persoal** que ten que aplicala e que permita organizar a demanda asistencial dando resposta ás necesidades tanto das e dos profesionais como da cidadanía.

CIG-Saúde denunciou que **a visión que teñen no SERGAS sobre o XIDE, non é a mesma que ten o persoal** que ten que usalo.

**O XIDE non responde ás necesidades da xestión da demanda**, non remata coas filas nos mostradores, non garante a necesaria confidencialidade, non dá resposta axeitada as demandas urxentes e sen cita no día a día e non é aceptado polos/as profesionais que o teñen que aplicar xa que produce sobrecarga, nuns profesionais xa sobrecargados de traballo, **sen aportar melloras reais na xestión dos centros.**

A Administración presentou datos de implantación e uso do XIDE **sen incluír nos datos a % de utilización de “ausencia de motivo”.**

**CIG-Saúde insiste en que non se pode manter o XIDE na situación actual, e exige que se retire o programa e se escoite aos/as profesionais.**